



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do vinte e catro de setembro de dous mil quince, reuníronse en sesión ordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os señores concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María Isabel García Pacín, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Unha vez aberto o acto polo Sr. Alcalde, seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión celebrada o día vinte e seis de xuño do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión constitutiva celebrada o día vinte e seis de xuño do actual.

**2- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.**- Dáse conta ao Pleno do Concello do expediente de modificación de créditos núm. 4/2015 do estado de gastos do actual exercicio (segundo da competencia do Pleno) polo importe 102.000€, para atender aos gastos detallados no expediente, a cargo da Corporación, empregando como recursos para a súa financiación transferencias de créditos, conforme se detalla no mesmo:

### **1º.- TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO:**

#### **a).- Consignación de gastos con créditos en baixa:**

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe da baixa de crédito
171-600	Servizos públicos básicos. Medio ambiente. Parques e xardíns. Inversión nova en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral (terreos).	25.000,00
171-609	Servizos públicos básicos. Medio ambiente. Parques e xardíns. Inversión nova en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral (outras inversións).	77.000,00
<b>Total baixas de créditos .....</b>		<b>102.000,00</b>



b).- **Consignación de gastos con altas de crédito (novas imputacións):**

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe da alta de crédito
150-219	Servizos Públicos Básicos. Gastos correntes en bens e servizos. Reparacións, mantemento e conservación. Inmobilizado material.	48.000,00.-
165-221.12	Servizos Públicos Básicos. Alumeado público. Gastos correntes en bens e servizos. Material, subministros e outros.	23.000,00.-
326-480	Producción de bens públicos de carácter preferente. Educación. Servizos complementarios da educación. Transferencias correntes. A familias e institucións sen fins de lucro.	6.000,00.-
453-210	Actuacións de carácter económico. Estradas. Gastos correntes en bens e servizos. Infraestruturas e bens naturais.	25.000,00.-
<b>Total altas de créditos IGUAL ás baixas .....</b>		<b>102.000,00.-</b>

Á vista do actuado e da documentación obrante no expediente, despois das intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA:**

- Prestar aprobación á proposta de modificación de créditos, coas cantidades que deben ser aplicadas ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos que se reflicten no expediente.
- Que se continúe coa súa tramitación, cumprindo o trámite de información pública, a efectos de exame e presentación de reclamacións, por un prazo de quince días, mediante inserción de edictos no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.
- Que de non presentarse reclamacións no período de exposición ao público, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. No caso de presentarse, resolveranse polo Pleno do Concello.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos, publicarase no Boletín Oficial da Provincia o resume do Estado de Gastos por capítulos do presuposto, resultante das modificacións propostas.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación procedeuse ao turno de intervencións. Comeza coa exposición do Sr. Alcalde, no que se di é necesaria a aprobación do expediente para atender necesidades relativas a obras, servizos e subministros, a cargo da Corporación, de carácter inaprazable, consistentes en:

- Dotación para reparacións, mantemento e conservación de vias urbanas e outros de natureza análoga, polo importe 48.000€, na aplicación orzamentaria 150-219.



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Dotación para reposicións en alumeados públicos municipais, en canto mantemento dun servizo público básico, polo importe de 23.000€, na aplicación orzamentaria 165-221.12.
- Dotación complementaria para os custes do transporte metropolitano de Friol a Lugo, dos alumnos/as que remataron o curso 2014/2015 e teñen dereito a percibir este tipo de axuda do Concello, en cantidade igual á totalidade do custo do citado transporte, polo importe de 6.000€ na aplicación orzamentaria 326-480.
- Dotación complementaria para reparacións, mantemento e conservación de estradas municipais e gastos complementarios como sinalización, etc, polo importe de 25.000€, na aplicación orzamentaria: 453-210.

Conclúe a súa intervención dicindo que non se está a gastar do remanente de tesourería, nin pedindo préstamos, senón que se transfire crédito dunhas aplicacións a outras, favorecendo a execución da totalidade do orzamento.

A continuación o portavoz do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, di que en relación coas dotacións que se contemplan no expediente, a tres meses de que finalice o exercicio, debería figurar unha maior concreción nos gastos para os que se fan as transferencias obxecto do expediente. Deberían ter un fin coñecido, mais concreto, xa que o Sr. Alcalde limitouse á descrición das partidas do orzamento entre as que se fai intercambio. Antes de plasmar o senso do seu voto, pide que se concreten os investimentos reais a que se refiren. Di que por exemplo, non figura a que actuacións van destinados os 48.000€ na aplicación a incrementar para viais urbanos. En relación co importe destinado a alumeado público, tampouco concreta a que accións se refire, xa que polo importe que se contempla non cree que sexa unha tarefa básica de mantemento. Chámalle a atención o incremento de 6.000€ en relación co transporte metropolitano, xa que sendo coñecedores dos custes e facendo unhas estimacións obxectivas, non sería necesario o incremento da dotación, a non ser que houbera un erro na previsión. No que se refire ás estradas, tamén solicita unha maior concreción nos gastos, xa que a tres meses de que finalice o exercicio, elo debería estar previsto.

O Sr. Alcalde responde que concretará un pouco un riba o destino das partidas, ás que se refire o expediente. A primeira delas comprenderá actuacións de repavimentación, limpeza de cunetas e rebacheo tanto en zahorra como en asfaltados. No que se refire aos alumeados, está previsto a renovación de luminarias tanto no casco urbano como nas parroquias, poñer lámpadas de led, para disminuir o gasto eléctrico do concello e optimizar o servizo, concluíndo que hai puntos de luz con moitos anos e que hai que renovar. No que se refire aos custes do transporte metropolitano, responde que cando se aprobou o presuposto, dispoñían de datos en relación co curso anterior, non do actual, datos que non eran de todo precisos e hai que incrementar o importe para que poidan cobrar os alumnos que usaron o transporte. No que se refire ao último punto, a dotación para



estradas, di que se fai unha previsión, xa que se hai a posibilidade de facela, por se fose necesario á vista de que comeza a tempada de outono e inverno.

O concelleiro Sr. Santos Ramos, en relación coa resposta do Sr. Alcalde, di que todo e nada ven a ser o mesmo. El preguntaba a que accións concretas se referían, se pretenden arranxar camiños en Anxeriz, en Cotá, por poñer un exemplo, se as actuacións consisten en rexeneración ou en asfaltados. Pedía un pouco mais de concreción. As explicacións que deu o Sr. Alcalde na súa intervención, refírense ao concepto da partida, que xa coñece. No que se refire ao transporte, parece que non viven no mesmo sitio ou ven as cousas de distinto xeito. A finais de 2014, non recorda se en novembro ou en decembro, apróbbase o presuposto para 2015 e o curso escolar comeza no mes de setembro, polo que xa se tería que dispor de datos para facer unha avaliación dos obxectivos e os usuarios que pode ter o transporte, xa que o presuposto apróbbase dous ou tres meses despois do comezo do curso, cando menos dous meses, polo que entende que houbo unha mala previsión, que se vai correxir, que é o importante.

O Sr. Alcalde responde que as obras e actuacións que se farán, son as que o equipo de goberno estime oportunas. En relación co que dixo o concelleiro Sr. Santos Ramos na súa intervención de que parece que non viven no mesmo sitio, responde que él vive en Friol, o concelleiro Sr. Santos ten dúbida sobre onde vive. No que se refire ao transporte metropolitano, di que se coñece os alumnos que empezan, pero non se sabe todos os que o utilizan e cantas veces, o que se concreta nos bonos que teñen que presentar para a xustificación. Coa súa intervención, cérrese o debate e procédese a votación, no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Alcalde o acordo adoptado.

**3.- CONTA XERAL DO PRESUPOSTO DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2014.**- Dáse conta ao Pleno do expediente tramitado en orde á aprobación da conta xeral do orzamento do exercicio económico de 2014. En cumprimento do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) someteuse previamente ao preceptivo informe da Comisión Especial de Contas (na sesión celebrada o 19 de maio do actual) e con posterioridade, cumprimentouse o trámite de información pública mediante edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 132 de 11 de xuño do actual, sen que no prazo establecido se presentasen reclamacións, reparos ou observacións.

Á vista do expediente tramitado e das consideracións ao respecto, despois dunhas breves intervencións, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e con tres abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA:**

- Prestar aprobación á Conta Xeral do Presuposto para o exercicio de 2014, que arroxa os seguintes resultados:



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

### ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA:

COMPONENTES	IMPORTES ANO	
<b>1. (+) FONDOS LÍQUIDOS</b>		<b>698.292,10</b>
<b>2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO</b>		<b>524.064,24</b>
- (+) do Orzamento corrente	340.662,53	
- (+) de Orzamentos cerrados	180.625,20	
- (+) de operacións non orzamentarias	2.776,51	
- (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	
<b>3. (-) OBRIGACIÓN PENDING DE PAGO</b>		<b>44.236,67</b>
- (+) do Orzamento corrente	2.407,08	
- (+) de Orzamentos cerrados	0,00	
- (+) de operacións non orzamentarias	41.829,59	
- (-) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	
<b>I. Remanente de tesourería total (1+2-3)</b>	<b>1.178.119,67</b>	
<b>II. Saldos de dudoso cobro</b>	112.002,73	
<b>III. Exceso de financiación afectada</b>	75.851,00	
<b>IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)</b>	<b>990.265,94</b>	

### ESTADO DE REMANENTE DE CRÉDITO:

1.- Orzamento definitivo .....	3.068.807,88.-
2.- Obrigacións recoñecidas netas .....	2.394.507,09.-
3.- Remanentes de Crédito (1-2) .....	674.300,79.-
4.- Total R. de Crédito comprometidos incorporables..	370.434,93.-
5.- Total R. de Crédito non comprometidos (3-4) .....	303.865,86.-

- En cumprimento do disposto na vixente lexislación reguladora das facendas locais, remitirase copia da conta e do expediente tramitado ao Consello de Contas, a efectos da súa fiscalización.

Unha vez que se procede á votación no senso anteriormente indicado, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación procedeuse ao turno de intervencións. O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, di que manterá ao respecto a mesma postura que na comisión de contas, a de abstención, non polo seu contido, xa que considera que son un reflexo literal e ben feito tecnicamente, pero que son reflexo dunha política de gasto que non comparten. Considera que non houbo actuacións nin impulsos políticos para mellorar a situación e condicións de vida dos friolenses, limítanse ás cousas de sempre e que veñen dadas polo cumprimento da normativa das administracións locais.

Á vista de que non se producen mais intervencións ao respecto, procédese á votación no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.



**4.- ORDENANZAS FISCAIS.-** Seguidamente dáse conta ao Pleno de que no presente punto tratarase as modificacións propostas, que se inclúen no expediente da sesión, das ordenanzas fiscais reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras, e a reguladora do imposto de bens inmobles de natureza urbana.

**4.1.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.** Dáse conta ao Pleno da proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras. O Pleno, na sesión celebrada o 27 de marzo de 2014 aprobou a última modificación da ordenanza, co obxecto da adaptación da mesma ás modificacións lexislativas, en relación coas obras para as que non se esixe a solicitude de licenza, senón que é suficiente coa presentación dunha declaración responsable ou comunicación previa. Ademais, aproveitouse a ocasión para facer unha actualización do texto da ordenanza, refundindo o texto aprobado polo pleno na sesión do 28 de novembro de 2006, coa modificación posterior aprobada na sesión do 2 de decembro de 2011. Na devandita sesión, de 2 de decembro de 2011, á vista do proposta do Sr. Alcalde, da emenda presentada polo concelleiro do Grupo Mixto Sr. Santos Ramos e a engádega á emenda proposta polo Sr. Alcalde, quedou aprobado o texto do seguinte tenor literal:

“A todas as empresas e industrias que se instalen e inicien a súa actividade no Polígono Industrial de Friol, nun período de catro anos (a contar desde o 29 de setembro de 2011) cunha porcentaxe do 95% (o máximo permitido legalmente) do importe do imposto de construción da correspondente nave industrial. As empresas e industrias accederán á bonificación previa aceptación dun compromiso de mantemento da actividade por un período mínimo de 2 anos despois de finalizar a construción nun prazo máximo de 5 anos. O Concello será o encargado de velar polo cumprimento deste compromiso e reclamará a cantidade bonificada a aquelas empresas ou industrias que incumpriran as súas obrigas”

Á vista do tempo transcorrido e da limitación temporal que se contiña no texto da modificación, referente á bonificacións para as empresas que se instalen e inicien a súa actividade no polígono industrial, considérase conveniente aprobar novamente unha modificación da ordenanza, por un novo período de catro anos, manténdose o resto da ordenanza igual, polo que quedaría a seguinte redacción:

“A todas as empresas e industrias que se instalen e inicien a súa actividade no Polígono Industrial de Friol, nun período de catro anos (a contar desde o 1 de xaneiro de 2016) cunha porcentaxe do 95% (o máximo permitido legalmente) do importe do imposto de construción da correspondente nave industrial. As empresas e industrias accederán á bonificación previa aceptación dun compromiso de mantemento da actividade por un período mínimo de 2 anos despois de finalizar a construción nun prazo máximo de 5 anos. O Concello será o encargado de velar polo cumprimento deste compromiso e reclamará a cantidade bonificada a aquelas empresas ou industrias que incumpriran as súas obrigas”

Á vista do disposto na vixente lexislación de réxime local, así como no Real Decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais) e considerando que é competencia do Pleno a aprobación da determinación dos recursos tributarios, despois dunhas breves



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

intervencións ao respecto, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA**:

- A aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, no referente á bonificación ás empresas e industrias que se instalen e inicien a súa actividade no Polígono Industrial de Friol, quedando a mesma segundo o texto que se transcribe a continuación, como ANEXO, continuando en vigor e de aplicación o restante articulado da ordenanza.
- Que se someta ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios do concello por un prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, no devandito prazo.
- Que se de conta ao Pleno das reclamacións que se presente, que se resolverán polo mesmo con carácter definitivo. No caso de non presentarse o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.
- Que o acordo definitivo e a modificación da ordenanza fiscal se publique no Boletín Oficial da Provincia, para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto no art. 17 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

### **ANEXO**

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.**

“A todas as empresas e industrias que se instalen e inicien a súa actividade no Polígono Industrial de Friol, nun período de catro anos (a contar desde o 1 de xaneiro de 2016) cunha porcentaxe do 95% (o máximo permitido legalmente) do importe do imposto de construción da correspondente nave industrial. As empresas e industrias accederán á bonificación previa aceptación dun compromiso de mantemento da actividade por un período mínimo de 2 anos despois de finalizar a construción nun prazo máximo de 5 anos. O Concello será o encargado de velar polo cumprimento deste compromiso e reclamará a cantidade bonificada a aquelas empresas ou industrias que incumpriran as súas obrigas”

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A modificación da Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno do Concello na sesión celebrada o vinte e catro de setembro de 2015, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a súa aplicación a partires do 1 de xaneiro de 2016.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación procedeuse a un breve turno de intervencións. Despois dunha breve exposición do Sr. Alcalde sobre o obxecto da modificación da ordenanza, o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos pregunta se hai un



debate e votación diferente para cada ordenanza das que se tratará no pleno do hoxe, respondendo o Sr. Alcalde que si. Di o concelleiro Sr. Santos Ramos que a bonificación aprobose no 2011, despois dun acordo das forzas políticas presentes na corporación, que contou cunha emenda dos concelleiros socialistas. Na sesión de hoxe van apoiar novamente a bonificación, aínda que como reparo expón que debería haber unha maior implicación do concello no polígono industrial, para que se asenten mais empresas, o que suporía un valor engadido e mais postos de traballo no concello de Friol. Engade que algo haberá que facer coa nave de usos múltiples, aberta e inaugurada, que soamente se usou nunha ocasión nestes meses e habería que ver que utilidades se lle da, que revirtan en beneficio dos emprendedores do concello de Friol. Polo tanto a modificación da ordenanza non se pode avaliar moi positivamente, xa que resultou insuficiente para potenciar o polígono. Conclúe dicindo que o concello deberá velar por estas cuestións e facer mais actuacións ao respecto

O Sr. Alcalde responde que está totalmente de acordo, aínda que o tema da nave non ten nada que ver coa modificación da ordenanza, que é o asunto a tratar. En relación coa nave, di que se están estudando as posibilidades ao respecto, entre elas a de un viveiro de empresas. Á vista de que non hai mais intervencións, polo Sr. Alcalde, cérrase o debate e procédese á votación, no senso anteriormente indicado.

**4.2.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**- Dáse conta ao Pleno da proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles. Coa modificación que se propón da presente ordenanza, o tipo de gravame para os bens inmobles de natureza urbana quedará fixado no 0,6%, igual que nos exercicios 2014 e 2015, segundo o establecido na art. 8 da Lei 16/2013, de 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade medioambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras, manténdose igual o resto da ordenanza.

Á vista do disposto na vixente Lexislación de Réxime Local, así como no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) considerando que é competencia do Pleno a aprobación da determinación dos recursos tributarios, e despois das intervencións ao respecto, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres votos en contra (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA:**

- A aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, referente ao tipo de gravame dos bens de natureza urbana, de conformidade se transcribe no ANEXO.
- Que se someta ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios do concello por un prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da





publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, no devandito prazo.

- Que se de conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presenten, que se resolverán polo mesmo con carácter definitivo. No caso de non presentarse o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.
- Que o acordo definitivo e a modificación da ordenanza fiscal se publique no Boletín Oficial da Provincia, para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto no art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### **ANEXO**

#### **ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.-**

##### **Artigo 2.-**

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,60% .

##### **Disposición final**

A modificación da ordenanza no referente ao tipo de gravame dos bens inmobles de natureza urbana fixado no 0,60%, aprobada polo Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o 24 de setembro de 2015, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do un de xaneiro de 2016, continuando en vigor e de aplicación o restante articulado da ordenanza, ata a súa modificación ou derogación expresa.

Unha vez que se procede á votación no senso anteriormente indicado, polo Sr. Alcalde proclámase o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación tivo lugar o turno de intervencións. Despois da lectura da proposta de acordo polo Secretario a petición do Alcalde, ten lugar a intervención do concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos. Comeza dicindo que lle sorprende que o Alcalde ou algún membro do grupo provincial non expoña a proposta de subida do I.B.I. Di que supón que por algo farán esta subida e deberían explicar as razóns. A subida é do 33%, unha terceira parte do que custaba, para os bens de características urbanas. Segundo o ordenanza do concello, o tipo en vigor é do 0,45%, pero por disposicións do goberno de Rajoy, obrigou a moitos concellos con ponencia de valores anteriores ao ano 2002, a unha subida do 0,60%, o que supón unha terceira parte. Supón que o terán calculado e saben perfectamente o que representa a subida. Un inmovle cun valor catastral de 50.000€ pagaría 225€, que nos últimos anos coas disposicións do goberno ascendía a 250€, no 2016 pasará a ter un custe de 300€. Pensa que é unha subida significativa para calquera ben inmovle, e non está a situación económica dos friolenses en xeral, nin particularmente as dos gandeiros para aplicar unha subida



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

importante. Pensa que é un mal comezo para un Alcalde novo, á vista da crise da situación dos gandeiros e dos resultados da conta xeral, que mostran un aforro e unha capacidade económica que non xustifican a necesidade de maiores ingresos. A elo haberá que engadir a revisión catastral e a aprobación do P.X.O.M., que no seu momento terán como consecuencia o incremento dos valores catastrais das vivendas afectadas. Para o exemplo anterior que pasaba de 225€ a 300€, dentro de dous ou tres anos podían estar entre os 400€ e os 500€. Conclúe a súa intervención dicindo que a subida repercute no peto dos cidadáns, e a ver ata onde vai e a que fins se destinan estes ingresos.

A continuación intervén o Sr. Alcalde. Dille ao concelleiro que debería cambiar o chip, que non está no concello de Lugo nin na Deputación, e que os datos que expón son erróneos. Di que a Lei de Facendas Locais, establece un tipo de gravame mínimo a inmobles urbanos do 0,40% e un máximo do 1,10% con carácter xeral. A base impositiva está constituída polo valor catastral, que pode ser obxecto de reducións contempladas na Lexislación e o tipo de gravame. O Pleno do Concello, na sesión de 27 de novembro de 2001, fixou como tipo de gravame para este municipio para os inmobles de natureza urbana o do 0,45% para o exercicio 2002 e seguintes. O Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro de Medidas Urxentes para a Corrección do Déficit Público, fixou a aplicación automática dun tipo de gravame mínimo do 0,50% para o exercicio 2012. Para os anos 2013, 2014 e 2015, fixouse pola Administración do Estado unha aplicación dun tipo de gravame mínimo do 0,60%. No caso do vixente exercicio 2015, por aplicación da Lei 16/2013, de 29 de outubro. Di o Sr. Alcalde que se trata de adecuar a vixente ordenanza municipal, ao tipo de gravame que xa se está aplicando desde o ano 2013, do 0,60%. A modificación da ordenanza entrará en vigor no ano 2016, sen que supoña un incremento de tipo en relación cos últimos anos.

Seguidamente refírese a concellos da provincia de Lugo con igual o superior tipo na actualidade: Barreiros, 0,80%, Bóveda 0,70%, Carballedo, Castro de Rei, Cervo, Chantada e Foz 0,60%, Lugo 0,67%, Meira, Muras, Nequeira de Muñiz, Pol, Palas de Rei, Ribas de Sil, Sober e Pantón 0,60%, Pobra do Brollón 0,82%, Ribadeo 0,80%, Ribeira de Piquín 0,61% e Riotorto 0,65%. Engade que entre o 0,50% e o 0,60% están a maioría dos restantes, algún en trámite de incremento de tipo.

Continúa dicindo que se deberá ter en conta que o 12,5% da participación dos municipios nos tributos do Estado, calcúlase en función do esforzo fiscal medio de cada municipio. Ou sexa deste xeito, mellórase a nosa participación nos tributos do Estado, obtendo máis recursos para o concello e mellorando a nosa autonomía financeira. Conclúe a súa intervención destacando os servizos que se veñen prestando polo concello e as axudas que se conceden ao longo do ano, e das circunstancias do concello como a súa extensión, a inmensa maioría da poboación dedicada ao sector primario, a escasez de industria, etc, que fan que a subida sexa necesaria.



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

O concelleiro Sr. Santos Ramos dille ao Sr. Alcalde que é moi explicativa a súa intervención. Ninguén lle discute o tipo máximo, pero o pleno de cada concello aproba o que lle parece. Di que o Alcalde argumenta as circunstancias que lle parece, pero hai que deixar claro que non é obrigatoria a subida do tipo, poden utilizar os datos que lle da a gana, pero as matemáticas son tozudas, non se pode discutir o que se resolve cunha calculadora. Reitera o concelleiro que non se trata dun imperativo legal, saberá porque circunstancias o fai, non trate de confundir, esa é a realidade. Engade que nos debates da presente sesión, polo Sr. Alcalde xa se lanzaron dúas acusacións, dúas "pullitas", que non veñen a nada, nin teñen que ver cos asuntos do pleno, e non se debían consentir estas actuacións. Refírese a expresións como que ven cada 3 meses a Friol, cando ven non se por aquí, dubida de que viva en Friol. Reitera que esas cuestións non son asuntos do pleno, e habería que ver de onde sacan esa información e se pode utilizala. Di que hai quen pensa que no debate político cabe de todo, pero pon de manifesto que nos catro anos da lexislatura anterior, os debates referíanse a asuntos políticos, con propostas enriba da mesa, en lugar de acudir a descréditos persoais. Conclúe dicindo que os debates deberían ser en clave política e con argumentos de convencemento político.

O Sr. Alcalde responde que co incremento proposto, actualízase a ordenanza quedando a mesma como se aplicou nos últimos anos. Hai que ter en conta a evolución do municipio de Friol, e escoitando ao concelleiro parece como se lle molestara que o concello evolucione. Hai que preocuparse de que haxa un equilibrio entre a presión fiscal e as posibilidades dos veciños de facerlle fronte. De non incrementar o tipo, por poñer algún exemplo ao mellor o concello non podería prestar algúns servizos que ven prestando aos veciños, e non podería colaborar con actuacións como a rapa das bestas, non podería facer festas do cabalo, non pagar o transporte de estudantes a Lugo, etc.. Engade que intentan enfocar a política desde unha perspectiva eficaz, de fixar empresas, algunhas xa de xeito efectivo. Despois de algunhas matizacións respecto a cifras e porcentaxes do tipo aplicable nestes últimos anos, reitera que xa está pagando o 0,60%

O concelleiro Sr. Santos Ramos di que se estaba pagando o 0,60% transitoriamente e agora, coa modificación da ordenanza pasará a definitivo.

O Sr. Alcalde engade que unha cousa son os incrementos dos valores catastrais e outro o tipo de gravame. Os incrementos dos valores catastrais son cousa do Estado e os do tipo de gravame da ordenanza municipal, aínda que nos últimos anos o tipo de gravame incrementáronse por disposición estatal, pretendendo agora adecuar á ordenanza ao que xa se estaba pagando os anos anteriores. Di o Alcalde que no ano 2011, cando o Partido Popular ganou as eleccións xerais, o anterior goberno do Partido Socialista deixou o estado ao borde da quebra, a punto de ser intervidos, polo que non lle debe dar leccións de economía ao equipo de goberno, que nas eleccións locais resultou elixido para gobernar con maioría abrumadora. Engade que gobernar implica tomar decisións, aínda que non gusten, esta cree que



é acertada, aínda que por demagogia a oposición intente confundir. Coa súa intervención cérrese o debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Alcalde o acordo adoptado.

**5.- MOCIÓNS.-** Polo Sr. Alcalde dise que seguidamente pasarase ao estudo, debate e votación das mocións presentadas polo Grupo Popular e polo Grupo Socialista, con anterioridade á convocatoria da sesión.

“O voceiro do Partido Popular, D. José Ángel Santos, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN PARA A DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO:**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante anos os gandeiros de Galicia, ao igual que os do resto da Unión Europea, estiveron suxeitos ás cotas de produción da UE. Este sistema de cotas permitía ter un control da produción para establecer unha base de prezo do leite con menos volatilidade, máis con subas e baixadas estacionais, xa que algunhas campañas resultaban con prezos altos e noutras os prezos percibidos polo produto descendían considerablemente, en boa maneira por mor da incidencia do mercado internacional e pola pouca especialización das industrias lácteas.

Agora a situación aínda se volve máis complexa. Logo da desaparición das cotas lácteas o mundo gandeiro está sumido nunha situación de dúbidas e incertezas, favorecidas por algunhas opinións subxetivas alleas ás administracións.

A posta en marcha dos contratos lácteos, que deberían ser unha seguridade para o sector leiteiro, non está dando os resultados previstos porque a capacidade de negociación colectiva non está a ser aproveitada por parte das Organizacións de Produtores Lácteos, sen que a industria teña en consideración esa capacidade de negociación do produtor e sen que os dirixentes das devanditas organizacións fagan algo por remedialo.

A este respecto, consideramos un hándicap importante a falta de unión que está amosando o sector e incluso as OPL postas en marcha, que non están conseguindo os resultados de negociación que serían desexables, chegando incluso a non dispoñer dunha axeitada organización da capacidade de produción e oferta, e de axuste coa demanda de leite.

Neste senso, esta situación lévanos a ver con moita preocupación como os prezos percibidos polos produtores non se incrementan, principalmente nas Comunidades máis distantes dos principais centros de poboación, como é o caso de Galicia, e como tamén se poden apreciar posibles problemas puntuais de recollida do leite producido en varias explotacións con dificultades case insalvables si se pretende cambiar de empresa de recollida.

Na cadea de desenvolvemento deste sector, vital da nosa economía, deben estar presentes os produtores, os encargados da recolleita do leite ou transformadores e tamén a distribución e venda final do produto como único modo de asegurar a rendibilidade e seguridade alimentaria para todos.

Por tanto, dada a situación actual do sector leiteiro, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de Lugo propoñemos ao Pleno do Concello de Friol a aprobación na defensa do sector lácteo os seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Solicitar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) que na INLAC (Organización Interprofesional Láctea) se inclúa a representación de produtores, transformadores e distribución, en tanto que é necesario que as tres partes estean presentes e coordinadas para garantir a estabilidade do sector.

**Segundo:** Solicitar da INLAC o traslado ás partes da cadea do sector lácteo a necesidade de garantir unha axeitada construción de prezos e un adecuado equilibrio entre a oferta e a demanda na cadea de transformación do sector lácteo, tal como se recolle na normativa vixente.

**Terceiro:** Instar ás organizacións agrarias e ás OPL a desenvolver as facultades outorgadas na normativa en toda a súa intensidade para impulsar a sinatura de contratos colectivos que establezan un aproveitamento do recollido no Real Decreto 125/2015 en canto á garantía de continuidade no tempo da recollida da produción e mantemento e referenciación de prezos, de xeito que os contratos lácteos



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

reflictan a calidade do leite galego, e se traslade a plasmación legal do demandado polas propias organizacións agrarias.

**Cuarto:** Seguir desenvolvendo as medidas axeitadas para que os gandeiros galegos teñan garantida marxe suficiente de beneficios para que poidan mellorar a súa competitividade e garantir a súa sostibilidade.

**Quinto:** Trasladar estas propostas ás administracións, Ministerio, Xunta e Comisión Europea, e demais membros da cadea, para que, mediante as reunións pertinentes, se poidan facer realidade estes acordos”.

Sometida a votación a moción presentada polo Grupo Popular sobre a defensa do sector lácteo galego, o Pleno do concello en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación á moción, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

“O voceiro do Partido Popular, José Ángel Santos Sánchez, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO NO NOSO CONCELLO**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector lácteo galego en xeral e o deste concello en particular, veñen sufrindo unha crise de prezos que ten moito que ver cunha conxuntura mundial de exceso de leite producido e unha baixada xeneralizada do seu consumo, que rolda o 3%.

Nas explotacións galegas producen un leite de excelente calidade motivado por unha mellora xenética importante, a suma de condicións xeográficas e un manexo excepcional das vacas. Impulsar o seu consumo e recoñecemento é o traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia a través dunha campaña de promoción da marca “Galega 100%”, que identifica co seu selo o leite de calidade diferenciada producido nas explotacións da nosa comunidade.

Esta medida de valorización do noso produto de calidade completarase en breve coa diferenciación dos produtos amparados pola marca nos lineais dos supermercados, de xeito que os consumidores e consumidoras poderán escoller máis doadamente o leite galego de calidade diferenciada. A maiores, os galegos e galegas tamén teremos unha iniciativa promocional de tetrabriks pequenos de “Galega 100%” para fomentar o consumo de leite entre a sociedade.

Con todo, é preciso sumar esforzos de todas as administracións para avanzar nesta promoción que estimule o consumo de leite e permita identificar a súa orixe, permitindo que o leite galego sexa recoñecido entre os consumidores.

Por tanto, dada a situación actual do sector leiteiro, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de Lugo, e considerando a necesidade de aumentar o consumo e diferenciación dos produtos lácteos galegos no mercado, propoño ao Pleno do Concello de Friol a aprobación dos seguintes **ACORDOS:**

### ACORDOS

**Primeiro:** Solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar a adhesión do concello de Friol á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas “Galega 100%”.

**Segundo:** Promover accións, en conxunto de colectivos sociais e empresariais deste termo municipal para levar a cabo accións de promoción de “Galega 100%” entre os consumidores en xeral.

**Terceiro:** Desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé, entre outros, nos seguintes aspectos:

- a) Difusión da campaña publicitaria de “Galega 100%”
- b) Accións de concienciación coas asociacións de consumidores mediante o reparto de leite “Galega 100%” e a visita de explotacións gandeiras e industrias lácteas adheridas a “Galega 100%”
- c) Accións de promoción entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado co selo “Galega 100%”



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- d) Medidas de entrega de leite "Galega 100%" nos principais eventos lúdico-festivos e deportivos deste concello".

Sometida a votación a moción presentada polo Grupo Popular para a promoción do leite galego no noso concello, o Pleno do concello en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación á moción, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación das dúas mocións do Grupo Popular referentes ao sector lácteo, procedeuse ás intervencións ao respecto. Comeza coa intervención da concelleira do Grupo Popular Sra. García Pacín, dicindo que sería conveniente alixear o ambiente, un pouco crispado no debate anterior, na que o voceiro Grupo Socialista, pediu que fora construtivo e de índole política, deixando de lado as referencias persoais. En relación co tema das mocións, sen pretender facer de docente, nin de adoutrinar, nin de exercicios dialécticos, di que pretende facer unhas unha breve reflexión sobre a evolución do tema, que xa estivo presente na pasada lexislatura. Di a concelleira que gandería bovina en Friol, tanto o gando de carne como o de leite, ten unha presenza moi importante no sector primario produtivo igual que en outros concellos que nos rodean. Refírese tamén ao tema da instalación de naves no polígono industrial, do que se falou con anterioridade, que non é soamente responsabilidade do concello, senón tamén de outros organismos que son os encargados da xestión do polígono industrial e poñen atrancos para transformar o noso concello. Centrándose no tema do sector lácteo, di que no verán do 2015 hai unha crise xeneralizada en España, non peor que outras que xa houbo con anterioridade, como a de 2009, cando na Xunta gobernaba Touriño, e o leite se pagaba a 25 céntimos e agora a 27. Ao respecto, o Grupo Popular, no mes de xullo do actual rexistrou unha humilde iniciativa, a primeira das mocións que se debaten. Engade que relación co tema, non houbo nin solicitude de plenos extraordinarios, nin presentación de mocións, a oposición estivo desaparecida nos meses de xullo e agosto. Di que o Grupo Popular, despois de múltiples reunións con representantes produtores, presenta esta iniciativa, que se resume en cinco puntos, que resulta moi humilde, en relación co acordo que se asinou onte no Ministerio.

En relación cos acordos que se propoñen na moción para a defensa do sector lácteo, refírese a concelleira que en primeiro lugar piden a inclusión na INLAC (Organización Interprofesional Láctea) da representación de produtores, transformadores e distribución, poñendo de manifesto que a distribución non estaba representada ata o día de onte, o que contribuirá a garantir o cumprimento dos acordos. O segundo dos acordos refírese á necesidade de garantir unha axeitada construción de prezos e un axeitado equilibrio entre a oferta e a demanda, o que repercute dun xeito importante no produtor. O terceiro punto, refírese a instar ás organizacións agrarias e ás OPL a desenvolver as facultades outorgadas na normativa, para impulsar a sinatura de contratos colectivos que establezan un aproveitamento do recollido no Real Decreto 125/2015 en canto á garantía de continuidade no tempo da recollida da produción e mantemento e



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

referenciación de prezos, de xeito que os contratos lácteos reflectan a calidade do leite galego, e se traslade e se recolla legalmente o demandado polas propias organizacións agrarias. Ao respecto, di que as organizacións rexistradas na nosa comunidade non foron quen para convencer aos seus asociados, e que se trata de medidas que foron plasmadas no documento asinado onte.

O cuarto punto da proposta de acordo, refírese a seguir desenvolvendo as medidas axeitadas para que os gandeiros galegos teñan garantida marxe suficiente de beneficios para que poidan mellorar a súa competitividade e garantir a súa sostibilidade. Reitera que se trata de unha proposta humilde e sen grandes pretensións, que se recolle no acordo asinado onte.

A continuación a concelleira do Grupo Popular refírese á segunda iniciativa presentada, a da promoción do leite galego no noso concello, que tamén se recolle no punto sexto da moción presentada polo portavoz do Grupo Socialista, esixindo a posta en marcha de medidas con carácter urxente para garantir a presenza do sector lácteo galego. Di que a adhesión a estas campañas de promoción do leite galego 100% iniciou a súa andaina no ano 2012, que xa ven intentando a administración autonómica para incrementar o consumo. Preténdese a difusión en spots audiovisuais, cuñas radiofónicas, prensa escrita, redes sociais, e na presenza nos tetrabriks dun selo de garantía. Ademais de solicitar á adhesión do concello á campaña de promoción do leite producido nas explotacións galegas "Galega 100%", a moción refírese á promoción de accións e desenvolver medidas de difusión en todas as actividades que faga o concello, en orde a que se fomente o consumo. Conclúe a súa intervención dicindo que a proposta tivo apoio unánime noutros concellos e na Deputación de Lugo, solicitando para a mesma o apoio do Grupo Socialista.

Neste intre abandona o salón de sesións o concelleiro do Grupo Popular Sr. Mourín González

O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos comeza a súa intervención dicindo que, como a concelleira do Grupo Popular expuxo na súa intervención, á mesma é sen grandes pretensións e humilde. É verdade que expón onde están os problemas, pero non propón medidas concretas para solucionarlos. En relación coas propostas de acordo, responde que independentemente do que se fixe hoxe, a solución non a asinarán todos nin hai unanimidade. Non é suficiente dar a coñecer participación, implicación e boa vontade, senón que hai garantilo, mediante instrumentos legislativos axeitados para elo. Engade que do exposto pola concelleira, da a sensación de que se bota a culpa ás organizacións agrarias, que son as que son defenden o cumprimento da lexislación na materia. Pensa que como se di no punto terceiro da moción, non está de mais instar a elo. En relación co exposto no punto catro, considera que se debería cambiar de dirección e que poñan outras medidas, xa que de habelo feito, ou non se houbera dado a situación, ou se puido resolver con anterioridade.



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No que se refire á moción para a promoción do leite galego no noso concello, o concelleiro di que se trata de unha boa iniciativa, que eles tamén o recollen na moción que presentaron. No que se refire á adhesión do concello á campaña promocional, di que non tivo acceso a esa documentación, polo que pide que se aclare en que consiste a campaña de difusión, en base a que criterios se fará, e outras cuestións como a quen, canto, que marcas ou a que industrias, ou que accións de promoción se fará entre o sector hostaleiro.

A concelleira do Grupo Popular Sra. García Pacín di que as iniciativas presentadas o que pretenden sumar apoios. Aínda é prematuro desvelar detalles, aos que todas as forzas políticas teñen acceso, afirmando que están receptivos a calquera medida. En relación co exposto polo concelleiro do Grupo Socialista, quere facer constar que non intentou denostar ás organizacións agrarias, quere que se cree o marco para intentar facer efectiva a negociación, non so o papel, senón que fructifique. En ningún momento dixo que fora culpa deles, e o que se contén na proposta é que das administracións con competencias poidan conseguir axudas, apoios e investimentos. En relación coa campaña promocional, di que a presentación oficial de esta iniciativa será en breve, e os criterios de intervención, serán conforme aos nosos recursos, xa que o que non se pode é suplir a outras administracións. O que se pretende é concienciar a asociacións de consumidores, de amas de casa, etc, que tiren polo leite galego. En relación coa pregunta de que industrias, responde que se poden sumar á iniciativa as explotacións inscritas nun rexistro de características excepcionais, de marca de calidade, co orixe do leite. O importante é a adhesión á campaña, que o Grupo Socialista tamén demanda no punto sexto da súa moción, e despois os detalles e a concreción das actuacións, irase vendo sobre a marcha, de conformidade cos recursos e as necesidades do concello. Engade a concelleira que a falta de medidas concretas que bota de menos é un argumento que ela tamén vai utilizar, cando se debata a moción do Grupo Socialista, aínda que non lle corresponde definir neste foro, xa que non hai competencias de decisión.

O Sr. Alcalde dille á concelleira que vaia rematando a súa intervención.

A concelleira conclúe dicindo que se pretende actuación en positivo, trasladar as peticións que se poidan dentro da normativa e que as que ela defende son consoantes coas leis, reiterando que en relación co acadado onte, as peticións son humildes.

Reincorpórase á sesión o concelleiro Sr. Mourín González.

O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos di van votar da favor da moción para a promoción do leite galego, aínda que en relación co plan de adhesión, descoñece as condicións e como se vai articular, que espera sexa con xeito e bo criterio.

En relación coa outra moción, a da defensa do sector lácteo, di que tamén votarán a favor, quere que a iniciativa conte co apoio socialista, aínda que con matizacións.





## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No que se refire ás divisións entre gandeiros, di que non todos teñen que pensar igual e o que non se pode é provocar para dividir e crear indefensión. No referente ao afirmado pola concelleira, ao principio da súa intervención, aínda que comeza dicindo de que pretende suavizar a tensión para alixear debate, engade despois que non houbo iniciativas da oposición durante os meses de vacacións de xullo e agosto. Ao respecto, di que presentaron as mocións para este pleno, non solicitaron pleno extraordinario xa que non teñen o número suficiente de concelleiros para elo. Ademais os plenos son cada tres meses, que estiman é un período longo entre plenos, como xa puxeron de manifesto cando se acordou a periodicidade dos mesmos. Puideron presentar antes a moción, pero por prudencia preferiron esperar a que se solucionase o tema, a ver que pasaba antes de que tivera lugar a celebración do pleno. Ademais el persoalmente, non ten problema en explicar o que fixo nos meses de verán e nas vacacións. Reitera o concelleiro, unha vez mais que, aínda con matizacións e considerando que son propostas débiles, van a apoiar a proposta, todo sexa polo ben dos gandeiros da comarca, da provincia e de Galicia en xeral.

A concelleira do Grupo Popular Sra. García Pacín di que quere apostillar que outras forzas políticas sen representación na corporación, fixeron propostas ao respecto, no período comprendido entre a celebración das sesións plenarias. Di que se trata de empuxar para acadar solucións dentro dos instrumentos normativos, de seguir traballando e non mudar de estratexia, xa que noutras instancias algúns portavoces desligáronse e outros apoiaron. Conclúe dicindo que o sector lácteo é moi importante, facendo constar que os gandeiros movilizáronse sen grandes rebumbios nin manifestacións.

O Sr. Alcalde dille ao concelleiro do Grupo Socialista, que cando se necesite un pleno extraordinario, que o pida, que non ten problema en concederllo. Engade que o Alcalde de Friol e o seu tractor estiveron 11 días apoiando as mobilizacións e o concelleiro do Grupo Socialista soamente foi o día da foto. Coa súa intervención cérrase o debate e procédese a votación das dúas mocións do Grupo Popular, no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente os acordos adoptados, pasando seguidamente ao estudio, debate e votación da moción presentada polo Grupo Socialista sobre as medidas de carácter urxente para garantir a supervivencia do sector lácteo galego.

"O Concelleiro D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

### **MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA CONCELLO DE FRIOL ESIXINDO A POSTA EN MARCHA DE MEDIDAS CON CARÁCTER URXENTE PARA GARANTIR A SUPERVIVENCIA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

O Sector gandeiro é un sector produtivo vital para Galicia, para a Provincia de Lugo e fundamental para o Concello de Friol, no que boa parte das rendas familiares dependen da actividade gandeira.

Son numerosas as familias que adoptaron como actividade principal a produción de leite para a súa comercialización e que hoxe, despois dun inxente esforzo para por en marcha e/ou adaptar as súas explotacións, están a vivir unha situación crítica ante as conductas abusivas da industria e unha ausencia de medidas correctoras por parte das administracións competentes que surtan efecto e garantan a viabilidade das explotacións leiteiras.

Un Concello como o de Friol, no que hai máis de 500 explotacións gandeiras e no que moitas delas se adican á produción de leite sofre repercusións non só nas propias familias que viven desas explotacións, senón tamén en outras actividades económicas, de moi notable consideración e que, de non solucionarse axiña, terá unhas consecuencias a medio e longo prazo dramáticas no desenvolvemento do propio Concello.

Xunta de Galicia e Goberno Central, ata o de agora, pouco fixeron, e menos resultado deu, para por fin á crise de prezos do leite. A día de hoxe as circunstancias seguen a ser as mesmas que no inicio da crise, anque a situación para os gandeiros é moito máis difícil, vendo como directamente non lles recollen o leite, ou ben, lles é pagado a un prezo ridículo e moi por baixo dos custes de produción medios.

É imprescindible unha abordaxe con perspectiva e unha planificación que de xeito inmediato reverta esta situación e cree un marco de estabilidade a medio e longo prazo para a actividade gandeira e concretamente, a leiteira.

Por todo o exposto e ante a crítica situación que atravesa o sector lácteo en Galicia, na provincia de Lugo e en concreto no Concello de Friol, o Grupo Municipal Socialista somete a Pleno a adopción dos seguintes:

### ACORDOS

- 1-. Instar ao Goberno Central a que promova un acordo de prezos mínimos da leite en orixe análogo ao Goberno Francés e, en caso de que a normativa vixente o impida, promover as modificacións legislativas necesarias para acadalo, de xeito que o prezo mínimo garanta a cobertura dos prezos de produción referenciados a parámetros obxectivos.
- 2-. Esixirle ó Sr. Feijóo, que como Presidente da Xunta de Galicia, primeira Comunidade produtora de leite en España, dea prioridade absoluta á situación do sector lácteo, e lidere as xestións necesarias ante o Goberno Central para poñer fin á crise dun sector vital para Galicia e garantir o futuro do mesmo.
- 3-. Esixir á Xunta de Galicia que habilite os instrumentos legislativos e operativos para garantir a recollida de leite nas explotacións galegas a un prezo que garanta a viabilidade das explotacións.
- 4-. Esixir á Xunta de Galicia e ao Goberno Central un plan específico para a valoración real e colocación de excedentes da industria láctea a través de medidas como as compras públicas de intervención deses excedentes, almacenamento privado e entrega a terceiros países.
- 5-. Esixir ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente do Goberno Central que fagan as xestións necesarias para pór na axenda europea de inmediato o problema do sector lácteo galego co impulso de medidas concretas que adapten a regulación do mercado europeo á realidade do sector produtivo galego e estatal.
- 6-. Esixir á Xunta de Galicia a posta en marcha dunha campaña de estímulo do consumo de leite e derivados de procedencia galega a través de campañas de concienciación en comedores escolares, servizos de hostalería públicos ou con vinculación coas administracións públicas, así como programas específicos de concienciación.
- 7-. Esixir á Xunta de Galicia e ao Goberno Central a actuación eficaz da Comisión de Competencia, para que execute de maneira inmediate e contundente as inspeccións e sancións contra as comercializadoras que utilizan o leite como un produto reclamo para o consumidor.
- 8-. Esixir á Xunta de Galicia e ao Goberno Central que se habilite de inmediato unha Comisión de Valoración de contratos vixentes con capacidade para anulalos se as condicións para o gandeiro non respectan parámetros de viabilidade, garantía de duración e recollida de leite. Así mesmo a introducción da figura do mediador entre industria e produtor que dea garantías de legalidade e de condicións dignas nos contratos para os gandeiros.
- 9-. Instar á Xunta de Galicia a que, de acordo co Goberno Central, poñan en marcha de xeito inmediato, un plan galego de implantación de industria transformadora de derivados lácteos en Galicia con dúas vertentes: a produción de produtos tradicionais, que permita diversificar a produción propia das explotacións; e a produción de derivados lácteos de consumo masivo, vinculado a un plan de incremento das exportacións e penetración en mercados emerxentes.
- 10-. Instar á Xunta de Galicia a impulsar as Cooperativas como axentes aglutinadores de produtores e a que faga as xestións necesarias para habilitar os instrumentos precisos para que as propias Cooperativas teñan capacidade de negociación efectiva coa industria sobre a comercialización da produción dos gandeiros asociados”.



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Sometida a votación a moción presentada polo concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, esixindo a posta en marcha de medidas con carácter urxente para garantir a supervivencia do sector lácteo galego, o Pleno do concello en votación ordinaria **ACORDA** rexeitar a moción presentada, ao obterse oito votos en contra (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres votos a favor (dos concelleiros do Grupo Socialista), proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación, procedeuse ás intervencións. Comeza coa intervención do concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos. En relación co afirmado polo Sr. Alcalde no debate anterior, sobre a súa presenza nos once días de manifestacións, responde que cando él foi, o Sr. Alcalde non estaba. Engade que os gandeiros saben onde estaba el e o que estaba facendo. Non se trata soamente de ir á manifestación co tractor, trátase de dicir alto e claro o que queremos, remitíndose á situación exposta con anterioridade. Afirma que se pretende o establecemento duns prezos en orixe, análogos ao goberno francés, e se a norma o impide, pois instar a modificación ou derogación da norma, na instancia que sexa, autonómica, estatal ou europea. Trátase de garantir un prezo mínimo, referenciado a parámetros obxectivos que todos poidan coñecer, en orde a que se revirta a situación, que Feijóo dea prioridade absoluta a este tema, xa que considera que non tivo a implicación que debería ter, xa que Galicia é a comunidade que mais produce e o representante de todos os galegos debería liderar as xestións necesarias ante quen sexa, á vista da situación de crise moi longa e os gandeiros non soamente teñen o problema do prezo do leite, senón tamén o de que pasa no caso de que non se lle recolla, que aínda é mais dramático. Di que non pode ser un condicionante a existencia de excedentes de leite, hai que buscar solucións de inmediato a este problema, solucións que atendan á realidade diferente de outros territorios. Refírese tamén ao exposto no punto sexto da moción anterior, sobre a campaña de promoción que se aprobou con anterioridade e en relación co exposto no punto sete, sobre inspeccións e sancións ás comercializadoras, di que o débil é o que produce o leite, polo que as mesmas deben ser contundentes. No punto oito refírese á esixencia dunha Comisión de Valoración, sobre os contratos vixentes, con capacidade para anulalos se as condicións non respectan parámetros de viabilidade, di que no caso de prezos miserables, que son a ruína aos gandeiros, deberían anularse e asinarse uns novos, ante mediadores con imparcialidade, que garantan a legalidade e condicións dignas para os gandeiros.

Continúa dicindo, que no que se refire ao punto nove, trátase de instar á Xunta, de acordo co goberno central, a posta en marcha dun plan galego de implantación de industria transformadora, xa que se produce mais que se consume e aglutinando toda a cadea na comunidade autónoma, poderíase xerar emprego e crear unha economía de escala. O negocio non está no leite, está na nata, e vai fora da comunidade autónoma e fora do estado, quedámonos co que menos aporta: habería que incentivar a industria da transformación, queixos, mantequillas, etc., con criterios de calidade e diferenciación. No que se refire ao punto décimo, referente a instar á Xunta e impulsar as cooperativas como axentes aglutinadores



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

---

de produtores, facendo as xestións para habilitar os instrumentos precisos para que as cooperativas teñan capacidade de negociación sobre a comercialización da produción dos gandeiros asociados, expón que estas medidas foron consensuadas coa plataforma de defensa sector lácteo, manifestando os seus representantes que coincidían coa mesma. Conclúe a súa intervención, dicindo que se para a adopción das medidas propostas, hai que modificar a lei, pois que se modifique.

A concelleira do Grupo Popular Sra. García Pacín, di que agradece a coletilla de que se hai algo ilegal na proposta, débese cambiar a lei. Na crise do 2009 con cotas establecidas e gobernos socialistas con responsabilidades a nivel nacional non copiaron o sistema francés e os produtores tiñan as mesmas demandas. Incluso pensa que se podería preguntar ao Secretario sobre se é legal que o concello poida pronunciarse a favor de pedir prezos mínimos para o leite galego, obviando a lexislación pertinente. Habería que modificar a lexislación, as normas e os regulamentos comunitarios, que veñen de vello, ante a presión de comunidades como a galega en canto rexión produtora e seguir loitando para que as nosas potencialidades dean froito.

Continúa referíndose á exposición de motivos da moción, na que se di que a Xunta de Galicia ou o Goberno Central ata o de agora pouco fixeron e menos resultados deron, para por fin á crise dos prezos do leite. Di que á vista dos resultados, todos os países tiveron problemas. Na última reunión do ministerio co comisario de Agricultura, este pediulle a lexislación española, polo que tan mal non debería estar. A solución ninguén dixo que fora doada, xa que a administración ten unha incidencia moi limitada nos mercados, é difícil intervir nos mercados, de xeito que se fixo unha fronte común onde están España, Portugal Francia, Italia e no último, consello extraordinario sumáronse ata quince países onde se pediron medidas excepcionais para o sector lácteo, como incrementar os prezos de intervención e garantir a recollida de leite. Di que se coñece explotacións a quen non recolleron o leite, que o diga para tratar de solucionar o problema na consellería.

O Sr. Alcalde dille á concelleira que vaia rematando a súa intervención.

A concelleira di que non hai maior defensa para o sector lácteo, que o acadado onte. No que se refire á moción presentada polo Grupo Socialista, propóñense medidas de dubidosa legalidade, así como outras cando menos criticables ou cuestionables.

O concelleiro Sr. Santos Ramos di que non quedou clara a cuestión sobre se o Secretario debe opinar sobre o tema. Non sabe onde está a ilegalidade da proposta, xa que se pide que é necesario modificar a lei que se modifique e se o acordo do goberno francés é ilegal, ninguén o dixo. O que se quere é que se fixe un prezo mínimo para o leite e que se faga o camiño que haxa que facer para elo,



A concelleira Sra. García Pacín intenta opinar sobre o exposto polo concelleiro Sr. Santos Ramos, pero o Sr. Alcalde dille que non interrompa a e exposición do concelleiro.

Despois de outras consideracións ao respecto, o concelleiro Sr. Santos Ramos conclúe dicindo que non ve que problema ten apoiar a moción e as medidas concretas que se propoñen, que serían útiles para o sector, tanto con carácter urxente, como a longo e a medio prazo. Coa súa intervención cérrase o debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

“O Concelleiro D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

**MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA NO CONCELLO DE FRIOL RELATIVO Á GRABACIÓN DAS SESIÓNS PLENARIAS E PUBLICACIÓN DAS MESMAS NA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO E REDES SOCIAIS.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As sesións plenarias son actos públicos aos que pode asistir calquera cidadán. En Friol, os plenos ordinarios celébranse cada 3 meses ás 13:30 horas, un horario que os socialistas xa temos calificado como inadecuado para facilitar a asistencia dos veciños e veciñas ao mesmo. Quizais ese horario sexa unha das razóns polas que habitualmente non hai público nas sesións plenarias, ou o seu número é moi reducido.

Cada día a cidadanía esixe maior transparencia e facilidade para coñecer a actividade daqueles que no exercicio da nosa actividade política a representamos, sendo as decisións plenarias e as posturas defendidas nos diferentes asuntos un bo escaparate sobre o que cada formación defende, promulga e propón.

No Concello de Friol o único que trascende dos Plenos da Corporación Municipal é, se acaso, algunha nova nos medios de comunicación ou, pasado tempo dende a celebración da sesión, a acta da mesma que consiste, por razóns lóxicas, nun resumo do nela acontecido que, anque permite coñecer a postura de cada formación política, se coñece pasado tempo dende o debate e tramitación dos asuntos aos que se refira.

As novas tecnoloxías ofrecen solucións sinxelas que facilitan a comunicación entre persoas, colectivos e entidades. En definitiva existen ferramentas que poden ser útiles na divulgación da actividade política dos membros da Corporación Municipal de Friol e no maior órgano de decisión da mesma, o Pleno da Corporación.

Se o acontecido nas sesións plenarias estivese recollido en un documento audiovisual de acceso libre á cidadanía, os nosos veciños e veciñas poderían coñecer de primeira man o que nas sesións plenarias acontece, con maior profundidade os asuntos e, por tanto, formar un xuízo de valor moito máis certo e fundado sobre os diferentes representantes políticos e formacións que integramos a Corporación Municipal.

Na actualidade é doado grabar con boa calidade unha Sesión Plenaria e publicala na rede. O custe pode ser mínimo ou practicamente non habelo ao poder facerse con equipos sinxelos que manexe o propio persoal do Concello. O Concello de Friol conta con un enderezo electrónico no que pode perfectamente publicar as grabacións das sesións plenarias.

Atendendo ás consideracións anteriores e dende o convencimento de que o feito de grabar integramente as Sesións Plenarias do Concello de Friol para a súa publicación posterior no enderezo electrónico do



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Concello e nas redes sociais representaría un bo exercicio de transparencia e información á cidadanía, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol propón a adopción do seguinte

### ACORDO

- O Goberno do Concello de Friol encargárase de que as vindeiras Sesións Plenarias da Corporación Municipal que se celebren no Concello de Friol serán grabadas e publicadas integramente na sede electrónica do Concello de Friol e nas redes sociais”.

Sometida a votación a moción presentada polo concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, relativa á grabación das sesións plenarias e publicación das mesmas na sede electrónica do concello e redes sociais, o Pleno do concello en votación ordinaria **ACORDA** rexeitar a moción presentada, ao obterse oito votos en contra (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres votos a favor (dos concelleiros do Grupo Socialista) proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación, procedeuse ao turno de intervencións. O concelleiro Sr. Santos Ramos di que a cidadanía ten interese en saber o que pasa e o que se trata nas sesións plenarias, e ultimamente con maior intensidade. Á celebración dos sesións non é habitual que asista público, en parte polos horarios ao que se celebran. Cada vez hai mais instrumentos para difundir o que facemos, polo que para a xente sería mais cómodo velo desde a casa, o que é posible sen apenas custe, coa tecnoloxía suficiente. Á vista que o Pleno é o maior órgano de decisión do concello e onde se tratan os asuntos de maior relevancia e importancia para os veciños, propoñen nun exercicio de transparencia, á apertura á cidadanía grabación e publicación das sesións.

O Sr. Alcalde responde que en tres meses que leva de goberno, parécelle lamentable que veña con estas propostas, xa que non lle parece importante nin primordial para o concello, considerando que habería propostas mais interesantes que facer.

O concelleiro Sr. Santos Ramos responde que para eles se é importante e primordial que calquera poida presenciar as sesións plenarias, sen facelo dun xeito presencial, en orde ao exercicio de transparencia e apertura á participación. Non lle sorprende que o Grupo Popular vexa o tema desde outra óptica ou punto de vista. O Grupo Socialista faise eco das opinións de outra xente. Á vista de que non teñen idea de facelo, pregunta se habería algún impedimento en que calquera cidadá poida grabar as sesión do pleno.

O Sr. Alcalde responde que por parte da Alcaldía non hai impedimento ningún. Pregúntase a razón pola que presenta agora esta proposta, que goberna xente con menos experiencia e non o fixo cando era alcalde Muiña. Pensa que se será unha estratexia política para coller postos, que sexa fora de Friol, á vista da aplastante maioría que tivo o Grupo Popular nas eleccións municipais, é reflexo dun claro rexeitamento dos posicionamentos socialistas. O Grupo Popular, ven demostrando o continuo traballo e xestión lexislatura tras lexislatura para acadar beneficios para o noso concello, non para facerse unha imaxe. Non ve necesario ningún tipo de



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

grabación e pensa que elo aumentaría a crispación entre eles. A eles a e xente pídelles de todo, traballo, xestión, honestidade e logros para as parroquias, pero ninguén lle pediu que grabaran os plenos. Di que así lles vai aos socialistas, e pensa que de difundirse os plenos, de tres concelleiros quedarían en un, cando a xente vexa que votan en contra das propostas favorables para o concello por cuestións políticas, non como o equipo de goberno, que non dubida en desmarcarse do partido para favorecer aos veciños. Coa súa intervención cérrase o debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Alcalde o acordo adoptado.

“O Concelleiro D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

**MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA NO CONCELLO DE FRIOL INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CUBRIR A PRAZA VACANTE NA OFICINA COMARCAL AGRARIA DE FRIOL AO XUBILARSE A FUNCIONARIA QUE A OCUPABA.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado mes de xuño de 2015, unha praza de técnico do grupo B na oficina comarcal agraria de Friol quedou vacante ao producirse a xubilación da funcionaria que a ocupaba que, ademais da súa labor de técnica, desempeñaba as funcións de Xefa da Oficina.

Dende a data ese posto de traballo fica vacante, contando así a Oficina Comarcal Agraria de Friol con unha persoa menos para atender aos numerosos usuarios que ten nun Concello como o de Friol cunha importante actividade agrícola e gandeira. De feito, dende o mes de xuño a Oficina Comarcal Agraria de Friol só conta con servizo administrativo e veterinario, véndose os gandeiros obrigados a desplazarse a Lugo para numerosas tramitacións como as relacionadas con plans de mellora, asesoramento sobre subvencións, consultas e outros asuntos do ámbito técnico.

Esa situación repercute na ralentización de tramitacións, sobreacumulación de tarefas do persoal da oficina e menor satisfacción dos usuarios. Así mesmo xera transtornos ás persoas que por unha ou outra razón deben facer trámites nos que é necesaria a colaboración da citada oficina e xa non existe ese servizo na mesma ou non poden atendelos.

De manterse esta circunstancia a situación previsiblemente empeorará e as consecuencias tanto para o persoal que presta os seus servizos na oficina coma para os beneficiarios dos mesmos serán peores.

É por elo, e para por solución a esta situación antes de que empeore, que o Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

### **ACORDO**

1-. Instar á Xunta de Galicia e, en concreto, á Consellería do Medio Rural e do Mar, que proceda a cubrir de xeito urxente a praza vacante de Técnico do Grupo B dende xuño de 2015 na Oficina Comarcal Agraria de Friol”.

Sometida a votación a moción presentada polo Grupo Socialista instando á Xunta de Galicia a cubrir a praza vacante na Oficina Comarcal Agraria de Friol ao xubilarse a funcionaria que a ocupaba, o Pleno do concello en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación á moción, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.



Con anterioridade á votación procedeuse ao turno de intervencións. O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos expón que se presenta a moción á vista da situación á vista da xubilación da técnico do Grupo B no mes de xuño, na extensión agraria, posto que permanece vacante, e que prestaba un importante servizo aos gandeiros, a oficina conta cunha persoa menos, sendo numerosos os trámites a realizar. A vacante repercute nos gandeiros e agricultores, que terían que desprazarse a Lugo, o que ocasiona problemas e prexuízos, maiores custes e dificultades. Polo tanto propónse instar á Xunta a que non continúe esa situación. Di que hai rumores dentro do ámbito do funcionariado de que non hai previsión de que se vaia cubrir a praza, incluso do peche da mesma, coas consecuencias que elo tería para os usuarios, que son moitos no concello.

O Sr. Alcalde comeza agradecendo á antiga titular da praza María Jesús a entrega e o traballo realizado. Engade que ten noticias de que se está coas tramitacións necesarias para cubrir a baixa ocasionada pola xubilación, concluíndo que votarán a favor da proposta. Coa súa intervención cérrese o debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado.

**6.- DECRETOS DA ALCALDÍA.**- Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, transcritas ao Libro de Resolucións, das datas comprendidas entre o 2 de xaneiro ata 12 de xuño de 2015.

**7.- INFORMES DA ALCALDÍA.**- A continuación, polo Sr. Alcalde dáse conta ao Pleno das seguintes cuestións de interese para o mesmo, sen que polos señores concelleiros se formule ningunha cuestión ao respecto:

- Acordo da Xunta de Goberno, na sesión de dezoito de maio polo que se cede en precario un local na planta baixa edificio da antiga casa dos Mestres, no que se ubica o Xulgado de Paz, para a instalación provisional da notaría, para que volva abrir ao público, evitando os desprazamentos dos veciños a Guitiriz, onde exerce o titular da Notaria, ou ben a outras notarías.
- Acordo da xunta de goberno do dez de xullo do actual, polo que á vista do escrito do Delegado de Lugo de Economía e Facenda, se outorga a representación do concello no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria aos concellos de Outeiro de Rei, Quiroga e Foz.
- Acordo da Xunta de Goberno de tres de agosto en relación coas festas locais para 2016, fixando as mesmas de anos anteriores: martes de Carnaval (9 de febreiro) e luns de Santa Isabel (11 de xullo).
- Informes de Tesourería, en relación co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade de operacións comerciais. En aplicación do art. 4.3 da lei, dise que durante o primeiro e segundo trimestre de 2015, todas as obrigas do concello pagáronse no prazo establecido. Engade que non hai facturas nin documentos xustificativos, con respecto dos cales transcurrira mais de





tres meses desde a súa anotación no Rexistro de facturas, dando cumprimento ao disposto no art. 5.4 da Lei.

Unha vez concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día da sesión e con anterioridade ao turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde, ao abeiro do disposto no art. 91.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, propón ao Pleno a inclusión na orde do día da sesión do estudio, debate e votación da desafectación do camiño do Regueiro, identificado no Inventario de Bens e que comunica a Escola da Cabana con fincas privadas. Unha vez exposto polo Sr. Alcalde, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación á inclusión na orde do día da urxencia da proposta e da procedencia do seu debate, pasando seguidamente ó seu debate e votación.

**VARIACIÓN DE TRAZADO DE CAMIÑO. DESAFECTACIÓN.**- Polo Sr. Alcalde dáse conta ao Pleno do expediente incoado en orde á desafectación de tramo do camiño identificado no Inventario de Bens Municipais co núm. 209-7, con orixe na parcela da Escola da Cabana que continúa o seu trazado ata o Norte, case en paralelo ao rego do Porto Bargo, para acceso a outras parcelas. Faise con vistas a poñer en valor a antiga escola unitaria, carecendo dita vía de sentido na actualidade, xa que a comunicación realizaríase desde as vías asfaltadas que lindan ao sur (onde existe acceso rodado á parcela) e polo seu linde este. Á vista da existencia de viario alternativo en mellores condicións de tránsito, da posibilidade de realizar un trazado alternativo e comunicalo co viario existente, xustifican a pertinencia de tramitar un expediente de desafectación do camiño e cambio do seu trazado.

Á vista do novo trazado proposto na documentación presentada, das razóns de oportunidade e conveniencia postas de manifesto, así como da lexislación aplicable ao respecto e despois das intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e con tres abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) e polo tanto co quórum da maioría absoluta legal dos membros da corporación **ACORDA**:

- Desafectar como ben de uso público o tramo do camiño citado con anterioridade, de tramo do camiño identificado no Inventario de Bens Municipais co núm. 209-7, con orixe na parcela da Escola da Cabana que continúa o seu trazado ata o Norte, case en paralelo ao rego do Porto Bargo, para acceso a outras parcelas, por deixar de ser preciso como consecuencia da variación do mesmo, conforme á documentación técnica elaborada polo arquitecto Sr. López Vázquez.
- Que de conformidade co disposto na normativa de aplicación o presente acordo, en canto aprobación provisional da desafectación do camiño, así como o expediente do que trae razón, se someta ao trámite de exposición pública polo prazo de un mes, que se contará a partir do día seguinte ao da



súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e presentación de reclamacións.

- Que no caso de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o acordo ata entón provisional entenderase definitivamente aprobado. No caso de presentarse reclamacións, resolveranse polo Pleno.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente e executadas as obras entenderase realizada a permuta, entre o camiño obxecto deste expediente de desafectación, incorporándose ao dominio público o novo camiño consecuencia da execución das referidas actuacións.
- Dar conta do expediente ao órgano correspondente da Comunidade Autónoma, de conformidade co previsto no art. 109 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Con anterioridade á votación procedeuse ao turno de intervencións. Despois da exposición polo Sr. Alcalde explicando a proposta, o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos di que dada a urxencia e o pouco tempo co que tiveron acceso á documentación, teñen dificultades para facer un xuízo de valor. Considera que a posta en valor de calquera elemento patrimonial é unha boa iniciativa, de facerse con bo criterio. Reitera que non tiveron tempo de facer un xuízo de valor, nin facer unha visita de comprobación. Non queren opoñerse á iniciativa, pero non lle parece procedente nin responsable votar a favor da mesma sen estudar o tema con detemento.

O Sr. Alcalde responde que poden tomarse o tempo que necesiten, engadindo que xa lle explicou antes de entrar ao pleno en que consistía.

O concelleiro Sr. Santos Ramos di que se trata dunha alteración da propiedade de bens do concello, polo que queren realizar unha visita presencial á zona para ver a situación. Sen analizar detidamente a mesma non poden facer un xuízo firme, polo que a súa postura será de abstención. Ademais di que segundo a documentación entregada, non foi asinada polo técnico cinco minutos antes de entrar ao pleno, senón que ten data do vinte e tres de setembro, polo que de entregarlla con mais tempo, poderían analizar mellor a situación.

Á vista do que os señores concelleiros non desexan facer mais intervencións ao respecto. polo Sr. Alcalde céntrase o debate e procédese a votación no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o acordo adoptado.

**8.- ROGOS E PREGUNTAS.**- A continuación o Sr. Alcalde dille aos señores concelleiros se queren facer algún rogo ou pregunta a maiores dos presentados por escrito con anterioridade á convocatoria da sesión, das que pasará a dar resposta seguidamente.



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, en relación coa renuncia do concello ao POS 2015, obras de prolongación de beirarrúas na Avenida da Coruña, pregunta ao Sr. Alcalde polas razóns para a renuncia á subvención.

Á vista do inicio da lexislatura en materia fiscal, o concelleiro Sr. Santos Ramos, pregunta ao Sr. Alcalde se hai previsión de subir mais impostos ou taxas, e en caso de resposta afirmativa, cales e en base a que.

En relación coa segunda pregunta, o Sr. Alcalde responde que non teñen previsto a curto prazo subir impostos nin taxas. En relación coa renuncia ao POS, responde que foi por recomendacións de tesourería, xa que non era conveniente facer fronte á aportación municipal.

Seguidamente pasa a dar resposta ás cuestións presentadas por escrito con anterioridade á convocatoria da sesión.

"Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno os seguintes rogos en base á seguinte

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Club Fluvial de Friol e as súas inmediacións son un lugar idóneo para o esparcemento, a práctica de deportes e actividades de sociabilización.

As instalacións polo seu desgaste natural debido ao uso e tamén ás circunstancias meteorolóxicas non se atopan nunhas condicións óptimas para o seu uso, que podería intensificarse nos meses en que a climatoloxía o favorece e tamén durante todo o ano.

Neste verán detectáronse problemas co cespede que rodea as piscinas municipais, feito que xera incomodidade e problemas aos usuarios das mesmas.

Agora que comeza o periodo de menos intensidade de uso das instalacións do Club Fluvial e que as propias piscinas permanecerán pechadas ata o verán seguinte ábrese un periodo no que se pode actuar nas instalacións para melloralas sen apenas repercusión para os usuarios.

Polo exposto, preséntanse ante o Pleno da Corporación os seguintes

### **ROGOS:**

- Que o Concello de Friol, antes da tempada estival do vindeiro ano, acometa as actuacións necesarias para rehabilitar e acadar un estado óptimo para o seu uso das instalacións do Club Fluvial, en concreto a pista polideportiva descuberta e a cancha de tenis.
- Que o Concello de Friol, antes da tempada de apertura das piscinas municipais do vindeiro exercicio, proceda a arranxar o céspe de en torno ás mesmas e o dote dos mecanismos necesarios, que garantan o seu bo estado, alo menos, durante o periodo no que as piscinas están en funcionamento".

O Sr. Alcalde, en relación co primeiro dos rogos, responde que toma nota e agradece este rogo, aínda que desde o equipo de goberno xa teñen tomadas unha serie de alternativas que executarán no momento axeitado.



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

En relación co segundo rogo, di que o equipo de goberno ten prevista a reposición total do céspede nos meses de abril e maio, pois son estes os meses ideais para realizar este tipo de traballos.

“Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes preguntas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de marzo de 2014 os Concelleiros Socialistas tiñan presentado para o seu debate no Pleno Ordinario do Concello de Friol dese mes unha moción que recollía unha serie de propostas para atallar o lamentable estado no que se atopaba a Torre de Friol. Ante a petición do propietario da mesma argumentando unha posible venda da mesma para unha posible actividade relacionada coa hostalería, e non pretendendo os socialistas influir no proceso, retirouse a moción.

Nesas mesmas datas a prensa faise eco de que o Concello de Friol media para converter a Torre de Friol en complexo hostaleiro.

Tida conta que dende aquel entón non trascendeu ningún avance sobre o anunciado e que un ano e medio é tempo máis ca prudente para terse producido algunha novidade, presentamos as seguintes

### PREGUNTAS:

- ¿Que mediacións fixo o Goberno do Concello de Friol dende marzo de 2014 ata a actualidade para converter a Torre de Friol en complexo hostaleiro?
- ¿Coñece o Goberno Municipal se a Torre de Friol foi transmitida polo seu titular naquel entón a algunha entidade ou persoa e que fin pretende darlle á mesma?
- ¿Ten previsto o Goberno Municipal promover algunha outra actuación encamiñada á posta en valor e conservación da Torre de Friol que non sexa a mediación entre propietario e posibles compradores?
- ¿De estar a producirse algún tipo de mediación, en que consiste o papel dos representantes do Concello de Friol na mesma?”

En relación coa primeira pregunta, o Sr. Alcalde responde que dado que en aquel momento había importantes diferencias de carácter económico entre a parte vendedora e a compradora, a parte inversora decidiu tomarse un tempo para intentar mellorar o oferta e darlle un tempo ao propietario para que valorara de novo as súas peticións económicas. Hai meses que o propietario dirixiuse á Alcaldía para comunicarlle as posibilidades que había de volver falar co grupo inversor, expresando as súas intencións de modificar ás súas peticións económicas á baixa. Volveuse a poñer en contacto ás dúas partes, compradora e vendedora.

En relación coa segunda cuestión, responde que o equipo de goberno non é coñecedor de se a edificación foi transmitida.

En relación coa terceira cuestión o Alcalde responde que o equipo de goberno baralla diversas opción, tendo todas elas a súa complexidade.

“Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes preguntas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos meses anteriores ás eleccións municipais trascendeu que Coren planificaba a construción dun centro de recría porcino para o que o Concello de Friol xa concedera a licenza de obra. Do contido da información e do xeito de trasladala entendíase a implicación do Goberno Municipal no proxecto case coma impulsor do mesmo. Nesta mesma sala, en sesión plenaria, respostando a preguntas, aventurouse un probable prazo de inicio das actuacións que se enmarcou na primaveira do presente ano.

Visto que nin nas datas que se presupoñían nin na actualidade deron comezo as obras, presentamos as seguintes

### PREGUNTAS:

- ¿Coñece o Goberno do Concello de Friol cando se dará comezo ás obras de construción do centro de recría de porcino de Coren en Friol, e de ser así, cal é a data?
- ¿Existe algún compromiso entre o Concello de Friol e Coren que garanta a posta en marcha do centro de recría de Friol?
- ¿Que seguimento está a facer o Goberno Municipal sobre este proxecto?"

En relación coa primeira cuestión, o Sr. Alcalde responde que non coñece con exactitude a data de comezo das obras, xa que se trata dunha decisión que ten que adoptar a propia empresa. En todo caso, di que a empresa dispón da correspondente licenza de obras e teñen noticias de que xa levaron a cabo, cando menos medicións e levantamentos topográficos, traballos previos ao comezo da obra civil. Dun xeito orientativo, e polas manifestacións dos propios directivos de COREN, parece que teñen previsións para o último trimestre deste mesmo ano.

En relación coa segunda cuestión, dado que a empresa non vai disfrutar de ningún tipo de subvención nin axuda económica por parte do Concello, non tería sentido que existira ningún documento que garantira a posta en marcha do centro de recría, nin por parte da empresa nin pola do Concello. En todo caso teñen as manifestacións públicas do anterior Alcalde Sr. Muiña, e a do propio presidente do Grupo Empresarial COREN, D. Manuel Gómez Franqueira, que reiteradamente anunciaron a posta en marcha do centro de recría. Afirma que para o equipo de goberno, as manifestacións destas dúas persoas teñen moito máis valor que ningún outro documento que puidera garantir esa posta en marcha. Conclúe dicindo que ao dispor a empresa dos terreos e da licenza de obra de de ter realizado xa algunhas actuacións, para eles é unha proba máis da decisión clara de COREN de establecer en Friol o centro de recría.

En relación cao terceira cuestión, sobre o seguimento que está a facer o Goberno Municipal sobre este proxecto, responde que exactamente o mesmo que sobre calquera outro que se pretenda levar a cabo no Concello, se ben a maiores, e pola transcendencia económica e laboral deste, manteñen contactos periódicos con directivos e técnicos para ir coñecendo os pormenores do proxecto.

“Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes preguntas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En máis dunha ocasión o Goberno Municipal do Concello de Friol anunciou a súa vontade de levar a cabo un proxecto de dotación de unha gran superficie de aparcamento con área para caravanas nas inmediacións do Mercado Municipal.

A previsión era que este proxecto se desenvolvese sobre terreo pertencente á Comunidade de Montes de Lamas, o que creou desencontros cos veciños propietarios.

Visto que era un proxecto do goberno anterior e que foi anunciado como un proxecto do actual Alcalde e do seu equipo de Goberno, presentamos as seguintes

### PREGUNTAS:

- ¿En que situación se atopa este proxecto?
- ¿Houbo contactos coa Comunidade de Montes de Lamas por parte do Alcalde ou algún dos Concelleiros da actual Corporación de Goberno para expoñerlles en que consiste o proxecto definitivo (de habelo) e para avanzar en acadar un acordo para a disposición dos terreos, a fórmula e condicións de adquisición?
- ¿Fíxose algún trámite, á marxe dos contactos citados na pregunta anterior coa Comunidade de Montes de Lamas, encamiñado á adquisición dos terreos e de ser así, cal ou cales e en que estado se atopan?
- ¿Ten unha data prevista o Goberno Municipal de inicio das obras e de non ser así cal é a data na que pretende comezalas?"

Comeza o o Sr. Alcalde referíndose á exposición previa ás preguntas, cando di que as obras a realizar no monte de Lamas "era un proxecto do goberno anterior e que foi anunciado como un proxecto do actual alcalde e do seu equipo de goberno". Ao respecto, quere aclararlles que era un proxecto do anterior equipo de goberno, do que varios dos actuais concelleiros, e el mesmo formaban parte, e que segue sendo o mesmo proxecto. Di que se foi anunciado como un proxecto propio do actual equipo de goberno municipal, foi por unha posible mala interpretación dalgún medio de comunicación. Engade que como á totalidade dos proxectos do anterior equipo de goberno, o actual equipo de goberno vai darlle continuidade. No que se refire ao o aparcamento e área para caravanas enfrente do Mercado Gandeiro, manterase como quedou deseñado do anterior goberno, do que lles recorda, el mesmo era o primeiro tenente de alcalde e delegado de obras.

Tamén quere aclararlles que a ese descontento dos veciños dos que fala, contribuiu bastante o PSOE, ao tratar, como sempre, de poñer o seu partido por diante dos intereses do concello. E en vez de axudar, ían polas casas tratando de que os veciños puxeran trabas e lle complicaran as cousas ao Concello. Unha vez aclaradas estas cuestión, seguidamente pasa a darlle resposta ás preguntas ao respecto.

En relación coa primeira pregunta, o Sr. Alcalde di que neste momento está aprobada a modificación puntual das Normas Subsidiarias. A finais do pasado ano, solicitouse á Consellería de Medio Rural o inicio do expediente de prevalencia, para iniciar a adquisición dos terreos. En marzo do actual, solicitouse a Medio Rural que paralizara o expediente para facer un último intento cos veciños e poder facerse



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

cos terreos sen expediente de expropiación. En maio, tamén deste ano, o anterior alcalde mantivo unha reunión coa Presidenta e a Secretaria da Comunidade de Montes, reunión na que estivo presente o Secretario Municipal. Nesta reunión, o anterior Alcalde informou á presidenta e á secretaria o estado do expediente e fíxolles unha última oferta de compra, na que o prezo ofrecido era o de mercado. Indicoulles que de non existir acordo, o proceso seguiría e remataría en expropiación. O anterior Alcalde en todo momento tratou de impedir que o proceso chegara a resolverse mediante expropiación, ata o punto de pedirilles que aceptaran a venda para evitar así a expropiación e deixar zanzado o tema co mesmo equipo de goberno que o iniciou, xa que as eleccións municipais estaban cerca e logo serían outros os que terían que seguir co procedemento. Déuselles un prazo unha semana para saber se querían vender, ou que se fora á expropiación. As representantes do Monte de Lamas dixéronlle ao anterior Alcalde que non se preocupara, que xa arreglarían o tema os que entraran de novo, e desde aquela nunca máis tiveron resposta, nin o equipo anterior nin o actual. Neste mes de setembro, e á vista de non existir ningunha resposta por parte dos veciños de Lamas, remitiuse novo escrito á Consellería para que retomara o expediente, e xa se lles adxuntou o proxecto. Conclúe dicindo que cree que é unha explicación clara da situación na que se atopa o proxecto.

En relación coas preguntas segunda e terceira, di que son practicamente a mesma, pola que lles dará unha resposta conxunta. Afirmo o Alcalde que pode asegurar que no concello de Friol desde o comezo da democracia, nunca houbo tantos contactos nin intentos cuns veciños para acadar a adquisición duns terreos. Precisamente por tantos contactos, negociacións e tantas esperas, a execución do proxecto se demorou tanto, pois era un tema que foi anunciado con moita antelación e que foise demorando precisamente polas consideracións e esperas que se tiveron cos veciños de Lamas. Creen que estiveron mal aconsellados por diversas persoas, entre elas por membros do PSOE local. Di que houbo contactos coa presidenta, coa totalidade dos veciños, coa presidenta e secretaria, en Lamas, no Concello..... El persoalmente asistiu a algunhas delas acompañando ao anterior alcalde, como delegado de obras e primeiro tenente de alcalde. Fóronse adaptando as circunstancias ás demandas dos veciños: rebaixouse a superficie que inicialmente se pretendía adquirir; incrementouse o prezo que inicialmente se ofrecía; cambiáronse as condicións de pago como eles querían, cobrar en varios anos en vez de todo nun, porque así conseguían melloras fiscales. E así foron facéndose intentos ata mesmo antes das eleccións municipais, que se lle ofreceu un prezo de mercado, tendo en conta ademais que están catalogadas como zonas verdes, dotacionais, etc.), e pagadas no máximo de anos que a lei nos permita. Explicóuselles que de non ter unha resposta nun sentido ou noutro, o Concello seguiría o proceso expropiatorio. Incluso se lles explicou en que consiste ese proceso expropiatorio, no que non van cadrar as valoracións dos que venden cos que compran, que decide o Xurado de Expropiación, que tardarían moito máis tempo en cobrar e que cando se aprobe a ocupación dos terreos, o Concello procederá a realizar as obras, incluso antes de que os veciños teñan cobrado. Todo



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

esto lles foi exposto polo anterior alcalde á presidenta e secretaria da comunidade, repetido en varias ocasións e avisando que e non ter noticias nun prazo breve, seguiríase o proceso de expropiación en marcha e paralizado nese momento. En ningún momento houbo resposta por parte dos veciños, polo que agora o proceso, como se lles indicou, segue o seu curso.

En relación coa pregunta cuarta, o Sr. Alcalde di que as obras darán comezo no momento en que o Concello dispoña legalmente dos terreos.

“Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes preguntas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de Febreiro de 2015, o naquel entón alcalde de Friol anunciaba o visto e prace da Consellería de Traballo e Benestar para a construción dun centro para maiores en Friol. Nese anuncio trascendía que o Concello de Friol cederá á Xunta de Galicia os terreos necesarios para a construción do edificio e a Consellería de Traballo e Benestar asumirá o investimento necesario.

Visto que o Concello xa adquiriu a parcela na que se prevé construír o centro de maiores, presentamos as seguintes

### PREGUNTAS:

- ¿Existe algún convenio ou documento asinado entre o Concello de Friol e a Xunta de Galicia no que se recollan as condicións do acordo feito público?
- ¿Existe unha previsión de prazo de inicio das obras e de ser así cal é?
- ¿Barállase algún prazo para a posta en funcionamento do citado centro para maiores?
- ¿En que situación se atopa actualmente a tramitación do asunto?
- ¿Existe Proxecto do citado Centro de Maiores?”

En relación coa primeira das preguntas, o Sr. Alcalde responde que dado que a residencia da terceira idade será construída e xestionada pola Consellería correspondente, non é necesario nin preciso a sinatura de ningún tipo de convenio.

En relación coa segunda pregunta, responde que a consellería trasladoulle que as previsións da posta en marcha das obras, serán entorno ao mes de setembro do vindeiro ano. Non é posible antes, xa que o orzamento destinado pola consellería para a construción debe ser contemplado nos orzamentos xerais da Xunta do vindeiro ano, dado que cando se adoptou o compromiso de construción por parte da consellería xa estaban pechados os orzamentos do actual, e agora débese agardar á aprobación dos do 2016.

En relación coa terceira pregunta, responde que a Consellería está á espera de recibir os terreos que o concello porá a súa disposición, para o cal se está tramitando a documentación necesaria, para posteriormente proceder á redacción do proxecto. Engade que esperan unha visita de recoñecemento dos terreos por técnicos e da propia consellería.





## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

En relación coa cuarta cuestión, di o Sr. Alcalde que xa se entende respostada coas explicacións anteriores.

Á vista de que non hai mas asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás quince horas e trinta minutos da data ao principio indicada, de tódolo que eu, Secretario, redacto a presente acta e dou fe.